

RESOLUCIÓN REITORAL DO 30 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE INSCRICIÓN E MATRÍCULA NO PROGRAMA PARA MAIORES DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO ACADÉMICO 2020/2021.

En virtude dos acordos tomados na reunión do Consello de Goberno da Universidade de Vigo realizada o 23 de xuño de 2015 e as competencias conferidas polos Estatutos da Universidade de Vigo (DOG do 22 de febreiro de 2019), esta reitoría **RESOLVE**:

Publicar a convocatoria de inscrición e matrícula no Programa para Maiores da Universidade de Vigo para o curso académico 2020/2021, suxeita ás seguintes normas:

Primeira: CICLO INTENSIVO – Universitario/a Sénior

1.- INSCRICIÓN NO CICLO INTENSIVO

1.1.-Solicitantes

Poderán solicitar a inscrición no ciclo intensivo da titulación “universitario/a sénior” as persoas con idade igual ou superior a 55 anos. O número máximo de alumnado que poderá ser admitido en primeiro curso será de 50 persoas en cada un dos campus. Non é preciso ter ningunha titulación previa.

Se a demanda supera a oferta de prazos o sistema de selección será por orde de inscrición. En caso de que quedasen prazos sen cubrir, poderase admitir alumnado con idades inferiores a 55 anos, pero en ningún caso inferior a 50 anos.

A idade mínima dos 55 ou 50 anos aplicarase na data de finalización do prazo de inscrición.

1.2.-Procedemento de inscrición

Formalizarase online, a través do enlace <https://matricula.uvigo.es/loginX/login.asp>, no prazo establecido.

Rematado o proceso, publicarase a resolución da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión e a listaxe de agarda. As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles, que contarán dende o día seguinte á publicación, para presentar as alegacións que consideren.

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a resolución da asignación definitiva.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no taboleiro electrónico e na páxina web da Universidade de Vigo.

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/programa-universitario-maiores>.



Universidade de Vigo

1.3.- Documentación para a inscrición no ciclo intensivo

- Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI) ou documento de identificación de estranxeiros (NIE).

Realizada a inscrición, o alumnado deberá presentar o DNI/NIE antes de rematalo prazo de inscrición.

1.4.- Prazo de inscrición no ciclo intensivo:

O prazo de inscrición é **dende o 13 de xullo ás 9:00 ata o 24 de xullo ás 14:00 de 2020.**

1.5. - Inscrición online

A inscrición será formalizada online, podendo achegarse os seguintes lugares, onde terá o apoio necesario para que o alumnado realice a súa propia inscrición:

Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade (de 9:00 a 14:00)
Edificio Administrativo

Campus de Pontevedra: Persoal no programa de Maiores
Area de grado na Escola de Enxeñaría Forestal (de 9:00 a 14:00)
Campus Universitario

Campus de Vigo: Persoal no programa de Maiores
Escola de Enxeñaría Industrial - sede cidade (Antiga Escola de Peritos)
(de 9:00 a 14:00)

2.- MATRÍCULA NO CICLO INTENSIVO

2.1.- Prazos de matrícula no ciclo intensivo

A matrícula está dirixida a todo o alumnado do ciclo intensivo tanto si é de novo ingreso como si xa gozase de matrícula en cursos anteriores e continúen os seus estudos neste curso académico: O prazo de matrícula é **dende o 8 ata 22 de setembro de 2020.**

Tamén nesta quenda poderá matricularse o estudantado que xa rematase o ciclo intensivo e queira seguir neste ciclo en materias soltas non superadas.

Esta matrícula formalizarase nos lugares que se indican no apartado 2.4.

2.2.- Formalización da matrícula

O estudantado ao que lle falten créditos para completar o ciclo intensivo deberá matricularse dun mínimo de 9 créditos ECTS por curso académico e dun máximo de 18, agás no caso de que lle queden por superar menos de 9 créditos para rematar o ciclo. Neste caso deberá matricularse de todos os créditos restantes nunha única vez.

Os impresos poden descargarse da web a través do enlace: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/programa-universitario-maiores>.

2 de 10

CSV : GEN-8a58-229d-a3dc-6d66-4190-2f51-53e7-459a
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : MANUEL RAMOS CABRER | FECHA : 30/06/2020 14:27



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s20N0000062

CSV

GEISER-4b55-db93-e79d-4fa7-813b-808e-05b4-1418

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

01/07/2020 09:29:08 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-4b55-db93-e79d-4fa7-813b-808e-05b4-1418

No caso de non acadarse o mínimo establecido polos coordinadores Campus nalgunha das materias, o Coordinador Xeral do Programa Universitario de Maiores poderá tomar a decisión de suspender a impartición da mesma. Neste caso, procederíase a informar ao alumnado afectado dándolle a posibilidade de matricularse noutra materia, sempre que tivese prazas dispoñibles, ou a solicitude de devolución do importe aboado pola materia anulada.

Ao remate deste proceso, de non cubrirse todas as prazas de novo ingreso, as persoas que estean interesadas no acceso ao Programa de maiores no ciclo intensivo poderán realizar a inscrición online e unha vez comprobados os requisitos se lle indicará o prazo para formalizar a matrícula online. Este procedemento realizarase ata cubrir as prazas vacantes e como máximo ata o **09 de outubro de 2020 (incluído)**.

2.3.- Documentación para a matrícula no ciclo intensivo

- Impresos de solicitude de matrícula, datos persoais debidamente cubertos e asinados.
- O número de conta bancaria no caso de domiciliación bancaria (para o alumnado de novo ingreso).
- No caso de pagamento por domiciliación debe presentar autorización de documento SEPA coa sinatura orixinal da persoa titular da conta. De non presentar o SEPA no prazo de 10 días naturais desde a matrícula procederase ao cambio de forma de pago “a prazo único en efectivo” e informarán da nova situación por correo electrónico ao alumnado. Non realizar o pagamento no prazo indicado na *Folla de liquidación* terá as consecuencias previstas nas *Normas económicas derivadas da xestión académica de titulacións oficiais e propias da UVIGO*.

2.4. – Lugares de matriculación para os alumnos do ciclo intensivo

Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade (de 9:00 a 14:00)
Edificio Administrativo

Campus de Pontevedra: Persoal no programa de Maiores
Área de grado na Escola de Enxeñaría Forestal (de 9:00 a 14:00)
Campus Universitario

Campus de Vigo: Persoal no programa de Maiores
Escola de Enxeñaría Industrial - sede cidade (Antiga Escola de Peritos) de
luns a venres pola mañá (de 9:00 a 14:00)

CSV : GEN-8a58-229d-a3dc-6d66-4190-2f51-53e7-459a
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : MANUEL RAMOS CABRER | FECHA : 30/06/2020 14:27



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s20N0000062

CSV

GEISER-4b55-db93-e79d-4fa7-813b-808e-05b4-1418

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

01/07/2020 09:29:08 Horario peninsular

Validez del documento

Original



Universidade de Vigo

Segunda: CICLO INTEGRADO – Universitario Superior Sénior

1.- INSCRICIÓN NO CICLO INTEGRADO

1.1.-Solicitantes para a inscrición no ciclo integrado

Poderán solicitar a inscrición no ciclo integrado da titulación “universitario/a superior sénior” as persoas que teñan superado o ciclo intensivo (titulado/a universitario/a sénior ou Graduado/a universitario/a sénior ou aquelas persoas que estean en posesión de calquera outra titulación oficial universitaria e teñan unha idade igual ou superior a 50 anos.

A idade mínima de 50 anos aplicarase na data de finalización do prazo de inscrición.

1.2.- Procedemento de inscrición

Formalizarase online, a través do enlace <https://matricula.uvigo.es/loginX/login.asp>, no prazo establecido.

As persoas que cumpran os requisitos serán admitidos automaticamente.

1.3.- Documentación para a inscrición no ciclo integrado

- Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI), ou documento de identificación de estranxeiros (NIE).
- Fotocopia da titulación oficial universitaria (se o acceso fose por esta opción).

Realizada a inscrición, o alumnado deberá presentar o DNI/NIE e a fotocopia da titulación oficial universitaria (se esta opción é o seu acceso) antes de rematalo prazo de inscrición.

1.4.- Prazo de inscrición no ciclo integrado:

O prazo de inscrición é dende o 13 de xullo ás 09:00 ata o 24 de xullo ás 14:00 de 2020.

1.5. -Inscrición online

A inscrición será formalizada online, podendo achegarse aos seguintes lugares, onde terá o apoio necesario para que o alumnado realice a súa propia inscrición:

Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade (de 9:00 a 14:00)
Edificio Administrativo

Campus de Pontevedra: Persoal no programa de Maiores
Area de grado na Escola de Enxeñaría Forestal (de 9:00 a 14:00)
Campus Universitario

Campus de Vigo: Persoal no programa de Maiores
Escola de Enxeñaría Industrial - sede cidade (Antiga Escola de Peritos) de
luns a venres pola mañá (de 9:00 a 14:00)

4 de 10

CSV : GEN-8a58-229d-a3dc-6d66-4190-2f51-53e7-459a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL RAMOS CABRER | FECHA : 30/06/2020 14:27



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s20N0000062

CSV

GEISER-4b55-db93-e79d-4fa7-813b-808e-05b4-1418

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

01/07/2020 09:29:08 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-4b55-db93-e79d-4fa7-813b-808e-05b4-1418

Universidade de Vigo

2.- MATRÍCULA NO CICLO INTEGRADO

2.1.- Prazo de matrícula no ciclo integrado

O prazo de matrícula é dende o 2 ata o 7 de setembro de 2020.

Poderá matricularse o alumnado que realizase a inscrición e fose admitido no ciclo integrado e ademais o alumnado que xa gozase de matrícula en cursos anteriores e continúe os seus estudos neste curso académico, ou que xa rematase o ciclo integrado e queira seguir neste ciclo en materias soltas non superadas.

A matrícula formalizarase nos lugares que se indican no apartado 2.4.

2.2.- Formalización da matrícula

Poderán formalizar a matrícula no ciclo integrado da titulación “**universitario/a superior sénior**” as persoas que previamente realizasen a inscrición e fosen admitidos no Programa para maiores, así como o estudiantado que xa gozase de matrícula en cursos anteriores e lle resten créditos para completar o ciclo.

O alumnado do ciclo integrado poderase matricular nun máximo de 18 créditos ECTS cada curso académico.

Os impresos poden descargarse da web a través do enlace: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/programa-universitario-maiores>.

Ao remate deste proceso, as persoas que estean interesadas no acceso ao Programa de maiores no ciclo integrado poderán realizar a inscrición online e unha vez comprobados os requisitos se lle indicará o prazo para formalizar a matrícula.

Este procedemento realizarase dende o 23 ao 25 de setembro de 2020 (incluído).

2.3.- Documentación para a matrícula no ciclo integrado.

- Impresos de solicitude de matrícula, datos persoais e o número de conta bancaria no caso de domiciliación bancaria debidamente cubertos e asinados.
- O número de conta bancaria no caso de domiciliación bancaria (para o alumnado de novo ingreso).
- No caso de pagamento por domiciliación debe presentar autorización de documento SEPA coa sinatura orixinal da persoa titular da conta. De non presentar o SEPA no prazo de 10 días naturais desde a matrícula procederase ao cambio de forma de pago “a prazo único en efectivo” e informarán da nova situación por correo electrónico ao alumnado. Non realizar o pagamento no prazo indicado na *Folla de liquidación* terá as consecuencias previstas nas *Normas económicas derivadas da xestión académica de titulacións oficiais e propias da UVIGO*.



Universidade de Vigo

2.4. Lugares de matriculación

<u>Campus de Ourense:</u>	Área de Servizos á Comunidade (de 9:00 a 14:00) Edificio Administrativo
<u>Campus de Pontevedra:</u>	Persoal no programa de Maiores Area de grado na Escola de Enxeñaría Forestal (de 9:00 a 14:00) Campus Universitario
<u>Campus de Vigo:</u>	Persoal no programa de Maiores Escola de Enxeñaría Industrial - sede cidade (Antiga Escola de Peritos) de luns a venres pola mañá (de 9:00 a 14:00)

Terceira: PROCEDIMIENTO DE MATRÍCULA - Para ciclo intensivo e integrado

Na Universidade de Vigo non existe o trámite de reserva de praza, polo que a matrícula quedaría formalizada dende o momento no que se complete o proceso e se xere a folla de liquidación, independentemente de que se entregue ou non a documentación e de que os prezos públicos estean ou non aboados.

A obriga ao pagamento dos prezos públicos nace no momento da formalización da matrícula.

O feito de non aboar os prezos públicos de obrigado pagamento non implica a anulación automática da matrícula e suporá a desestimación de peticións tales como anulación total, modificación ou calquera outra relativa ao expediente.

Co obxecto de facilitar a liquidación dos importes resultantes, poderá elixir entre as modalidades, formas e prazos establecidos na norma sexta.

Cuarta: MODIFICACIÓN DA MATRÍCULA

Enténdese por modificación de matrícula, a ampliación, a anulación parcial e a substitución dunhas materias por outras. En calquera modificación realizada é necesario manter a matrícula mínima e máxima estipulada na presente convocatoria e na normativa aplicable ao Programa.

So se poderá realizar unha modificación de matrícula en cada prazo.

4.1. Prazos de modificacións de matrícula

Ciclo Integrado

Do 23 ao 25 de setembro de 2020 para calquera materia.
Do 03 ao 05 de febreiro de 2021 para materias do 2º cuatrimestre.

Ciclo Intensivo

Do 07 ao 09 de outubro de 2020 para calquera materia.
Do 03 ao 19 de febreiro de 2021 para materias do 2º cuatrimestre.

4.1.- Lugares para a realización da modificación de matrícula

6 de 10

CSV : GEN-8a58-229d-a3dc-6d66-4190-2f51-53e7-459a
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : MANUEL RAMOS CABRER | FECHA : 30/06/2020 14:27



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s20N0000062

CSV

GEISER-4b55-db93-e79d-4fa7-813b-808e-05b4-1418

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

01/07/2020 09:29:08 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-4b55-db93-e79d-4fa7-813b-808e-05b4-1418

Universidade de Vigo

Para a realización da modificación de matrícula ten que dirixirse aos seguintes lugares:

- Campus de Ourense: Área de Servizos á Comunidade (de 9:00 a 14:00)
Edificio Administrativo
- Campus de Pontevedra: Persoal no programa de Maiores
Area de grado na Escola de Enxeñaría Forestal (de 9:00 a 14:00)
Campus Universitario
- Campus de Vigo: Persoal no programa de Maiores
Escola de Enxeñaría Industrial - sede cidade (Antiga Escola de Peritos) de
luns a venres pola mañá (de 9:00 a 14:00)

Quinta: ANULACIÓN TOTAL DA MATRÍCULA

O alumnado poderá solicitar a anulación total da súa matrícula no prazo de 30 días naturais a contar dende o día seguinte ao da formalización da matrícula, sempre que esa matrícula estea realizada dentro dos prazos ordinarios establecidos. Neste suposto o alumnado terá dereito á devolución dos prezos públicos aboados agás a apertura de expediente.

Non procederá a anulación total da matrícula cando xa se concorre a algunha convocatoria de exames ou transcorrese o prazo establecido nesta convocatoria, agás, cando de xeito excepcional, unha circunstancia sobrevida grave debidamente xustificada impida cursar os estudos.

O feito de conceder a anulación de matrícula cando se solicita fóra de prazo non eximirá en todos os casos da obriga do pagamento de prezos públicos, adquirida no momento da súa formalización.

5.1.-Lugares de presentación e tramitación de solicitudes

As solicitudes de anulación total, dirixidas ao Servizo de Xestión da Extensión Universitaria, presentaranse por calquera dos seguintes medios:

- Calquera dos rexistros da Universidade de Vigo.
- Por calquera outro previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes de anulación total serán resoltas polo vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e tramitaranse no Servizo de Xestión da Extensión Universitaria.

A súa concesión estará condicionada ao aboamento do importe correspondente para este procedemento, aprobado polo Consello Social segundo o disposto nas Normas económicas derivadas da xestión académica da Universidade de Vigo.

7 de 10

CSV : GEN-8a58-229d-a3dc-6d66-4190-2f51-53e7-459a
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : MANUEL RAMOS CABRER | FECHA : 30/06/2020 14:27



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s20N0000062

CSV

GEISER-4b55-db93-e79d-4fa7-813b-808e-05b4-1418

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

01/07/2020 09:29:08 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-4b55-db93-e79d-4fa7-813b-808e-05b4-1418

Sexta: PREZOS PÚBLICOS E MODALIDES DE PAGAMENTO

Para a xestión dos prezos asociados ao programa será de aplicación o disposto nas *Normas económicas derivadas da xestión académica* da Universidade de Vigo

6.1.- Prezos públicos.

1. Prezos por servizos académicos:
 - a. Matrícula curso completo (18 créditos): 125 €
 - b. Matrícula de materias soltas: 8 €/crédito
2. Prezos por servizos administrativos:
 - a. Apertura de expediente académico ao comezar os estudos: 22,31 €
 - b. Expedición e mantemento de tarxeta de identidade: 4,79 €
 - c. Documentación e soporte para a matrícula por internet: 1,75 €
 - d. Anulación total de matrícula: 10 €

É importante ter en conta que calquera modificación que se faga na matrícula xerará unha nova folla de liquidación que mostrará o novo resultado de cálculo dos prezos públicos.

6.2.- Modalidades de pagamento

O pagamento realizarase a través das seguintes formas:

- a. Efectivo: aboarase o importe íntegro no prazo indicado na Folla de liquidación, a través das entidades bancarias colaboradoras coa UVigo: Abanca, Banco Santander, CaixaBank ou calquera outra coa que se estableza convenio.
- b. Domiciliación bancaria: para acollerse a esta modalidade de pagamento deberase introducir na aplicación de automatrícula o número da conta bancaria (de zona SEPA). De seguido debe presentar nos servizos administrativos a autorización de domiciliación bancaria de documento SEPA que se descarga da aplicación coa sinatura orixinal da persoa titular da conta, no prazo de 10 días naturais desde a matrícula.

Unha vez finalizado o prazo de presentación e antes do 30 de novembro os servizos administrativos comprobarán a existencia do SEPA no expediente. No caso de que non fose entregado procederase ao cambio da forma de pago a “prazo único en efectivo” e informarán da nova situación por correo electrónico ao alumnado. Non realizar o pagamento no prazo indicado na *Folla de liquidación* terá as consecuencias previstas no apartado de impagos das *Normas económicas derivadas da xestión académica* da Universidade de Vigo.

Será responsabilidade do estudante manter actualizados os datos bancarios, verificar que a conta onde domicilia o pagamento se atope operativa, que estea autorizado o cargo da domiciliación, e que a entidade bancaria efectúese o pagamento da matrícula, dadas as consecuencias que ocasiona a falta de pagamento establecidas nas *Normas económicas derivadas da xestión académica*.

- i. Domiciliación do pagamento íntegro: o cargo realizase nas seguintes datas en función da data de matrícula.



UniversidadeVigo

Prazo de matrícula	Data de cargo
02 de setembro ao 21 de setembro	6 de outubro
22 de setembro ao 21 de outubro	6 de novembro
22 de outubro ao 21 de novembro	6 de decembro
22 de novembro ao 21 de decembro	6 de xaneiro
22 de decembro ao 21 de xaneiro	6 de febreiro
22 de xaneiro ao 21 de febreiro	6 de marzo

ii. Domiciliación do pagamento fraccionado: Non se poden fraccionar importes inferiores a 100 €, nin importes xerados despois do 21 de xaneiro de 2021.

Os prezos públicos por servizos administrativos e o seguro escolar serán aboados íntegros xunto co primeiro prazo, de tal xeito que o fraccionamento se aplica unicamente aos prezos por servizos académicos.

Prazo de matrícula	Datas de cargo					
	6 de outubro	6 de novembro	6 de decembro	6 de xaneiro	6 de febreiro	6 de marzo
02 de setembro ao 21 de setembro	25%*	15%*	15%*	15%*	15%*	15%*
22 de setembro ao 21 de outubro	~	40%*	15%*	15%*	15%*	15%*
22 de outubro ao 21 de novembro	~	~	55%*	15%*	15%*	15%*
22 de novembro ao 21 de decembro	~	~	~	70%*	15%*	15%*
22 de decembro ao 21 de xaneiro	~	~	~	~	85%*	15%*

* Os prezos por servizos administrativos abóanse co primeiro pago. A % refírese aos prezos por servizos académicos.



Sétima: RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS E RECURSOS

As reclamacións ou recursos interpostos polo estudantado desta universidade en asuntos relativos á matrícula resolveranse ao abeiro desta convocatoria e demais resolucións e acordos que regulamenten o réxime do alumnado, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación en cada caso.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor
Por delegación R.R. do 26/05/2020 (DOG do 4 de xuño)
O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

(asinada dixitalmente)

Manuel Ramos Cabrer

